INVESTIGADORAS GALEGAS

IOLANDA CASAL



GCG 130 AÑOS
GRUPOCORREOGALLEGO

Edita
Editorial Compostela, S.A.

Colabora
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

© Textos
Iolanda Casal

© Fotos
Grupo Correo Gallego

© **Fotos arquivo persoal**
Ana Gago, Mar Capeáns e Susana Martínez Conde

Deseño, maquetación e revisión lingüística
Edicións Correo, S.A.U.

Prohibida a reproducción total ou parcial deste libro sen permiso expreso do editor

Dep. Legal: C 4510-2007

Margarita Ledo Andión

- Catedrática de Ciencias da Comunicación
- Directora do Grupo de Comunicación Audiovisual: Contidos, Formatos e Tecnoloxías
- Universidade de Santiago de Compostela

Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) é todo un referente do mundo da comunicación audiovisual en Galicia tanto no ámbito académico coma no creativo. Empezou como reporteira, pero no exilio en Portugal interesouse pola comunicación tamén dende unha perspectiva investigadora. De volta en Galicia, refundou e dirixiu o semanario *A Nosa Terra* entre 1977 e 1980, antes de retomar xa definitivamente a carreira investigadora, que desenvolveu dende 1983 como profesora da Universidade Autónoma de Barcelona. En 1991 regresou á súa terra para crear a Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago, na que seguiu a traballar na imaxe documental e sentou as bases da análise da produción audiovisual galega, comparándoa coa doutros países periféricos. A profesora é tamén unha recoñecida documentalista, ademais de autora de varios poemarios e novelas.



- As lecturas da infancia e a primeira televisión animárona a estudar Xornalismo
- De volta do exilio, refundou *A Nosa Terra*, antes de virar cara á investigación
- En Barcelona introduciu os estudos de fotoxornalismo na universidade do Estado
- O futuro da cinematografía en Europa -di-esixe recuperar a idea da autoría

Medrou lendo avidamente e vendo unha televisión nos seus comezos. Unha fiestra en branco e negro que a transportaba dende a súa pequena vila, a chairega Castro de Rei, a calquera recuncho do mundo. "Viamos moito aquela primeira televisión das reportaxes fantásticas de De la Quadra-Salcedo. Iso, e tamén as lecturas, fixeron que dende sempre me gustase o mundo do acceso ás cousas e de poder contalas", lembra Margarita Ledo. Co tempo, a mirada de nena ante a pantalla mudou na da máis recoñecida analista do audiovisual e documentalista de Galicia.

Aínda que cursou bacharelato por ciencias, cando chegou a hora de ir á universidade, no 69, Margarita xa tiña convencida a familia para marchar a estudar Xornalismo a Barcelona. "Pensaba en min como reporteira", confesa. Con esa idea, en 1974 incorporouse a *El Ideal Gallego*, mais pouco despois a súa militancia na UPG obrigouna a exiliarse en Portugal. Nesas circunstancias, traballar dun modo normal na prensa tornouse imposible e incorporouse como lectora á Facultade de Letras do Porto. Foi así como se achegou á investigación, aínda que de volta a Galicia tras a morte de Franco volveu ao xornalismo activo e marcou un fito para a prensa galega, asumindo en 1977 o rexurdir da cabeceira *A Nosa Terra*, que dirixiu ata o 80.

A nova década marcou o seu paso definitivo cara á investigación. No 81, de novo en Barcelona, fixo a tesiña, *Prensa e galeguismo*, e no 82 estivo en Lisboa como bolseira da Fundación Bulbenkian. Xa como profesora da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Autónoma de Barcelona, doutorouse no 86 coa tese *Foto-shock e xornalismo de crise*, os alicerces da investigación que mantén sobre a imaxe documental. Partindo dese traballo, Ledo creou os primeiros programas de estudo universitarios de fotoxornalismo do Estado, nunha conxunción de investigación, docencia e aplicación que mantén ata hoxe.

En 1991, regresou a Galicia para botar a andar a Facultade de Ciencias da Información de Santiago, na que é catedrática de Comunicación Audiovisual. Nesta andaina, o seu percorrido arredor da imaxe documental queda reflectido en obras como *Documentalismo fotográfico, éxodos e identidade*



(Cátedra, 1998); *Cine de fotógrafos* (CG, 2005) e *Do Cine-ollo a Dogma 95* (Paidós, 2004), na que sitúa a imaxe documental dentro da cultura cinematográfica e, ao mesmo tempo, explica o cine a través do documental.

A parte aplicada neste eido son uns documentais cunha particular mirada como guionista e directora. É o caso de *Santa liberdade* (2004), que levou a certames internacionais a historia do *Santa María*, o transatlántico secuestrado en 1961 por revolucionarios para chamar a atención sobre as ditaduras de Franco e Salazar; ou *Liste, pronunciado Lister* (2007), sobre o comandante do Quinto Rexemento na Guerra Civil.

Esa visión autoral é para Ledo a clave para ter un sistema propio. "A cinematografía de Galicia e de calquera país europeo pasa por recuperar a idea de autoría e, xa que logo, da produción independente, non no sentido financeiro, senón de contido", apostila. A análise faina como creadora e tamén dende a súa condición de experta na comunicación audiovisual na periferia atlántica, unha liña que abriu en 1995 comparando Galicia co País de Gales e coa Bretaña.

No 98 creou o Observatorio do Audiovisual (ODA), que seguiu no tema cun proxecto que analizou a viabilidade dun sistema europeo integrado de televisións públicas en linguas minoritarias. Ledo liderou a primeira parte da acción, que implicou a cinco universidades e que contou co apoio e co recoñecemento de boa práctica da Comisión Europea.

"Agora xa hai en Galicia observatorios públicos e organizacións que fan informes de xeito sistemático, pero daquela o ODA iniciou a análise dos produtos da comunicación e da cultura audiovisual conectando algo que para nós é constitutivo, como a lingua e a televisión pública, e relacionándoo con outros países pequenos que podían servir de comparación", explica. En tres catálogos e estados da cuestión bianuais analizou variables como programación e audiencias e o sector como partícipe na construción da sociedade da información e do desenvolvemento da Lei do audiovisual. E constatou, entre outros fenómenos, un aumento do emprego do galego, sempre vencellado á intervención pública, e a emerxencia de alianzas para a produción e de circulación. Vencellado a este aspecto, alertou do desembarco de empresas foráneas que usaban as galegas como compañeiras de viaxe para acadar subvencións."A raíz diso, argumentamos a necesidade de fixar cotas de participación e establecer que fai falta máis dun 50% da propiedade galega para que unha obra leve esta marca identitaria".

> "Por primeira vez hai unha experiencia de continuidade na produción audiovisual que permite crear unha tradición con referentes propios"

Na súa diagnose do audiovisual galego, Ledo recoñece que as políticas da UE axudaron á súa evolución. "Por primeira vez hai unha experiencia de continuidade na produción, que é o que permite crear certa tradición, porque se constrúen uns referentes propios, contemporáneos e, polo tanto, moi flexibles e transformables, pero ao mesmo tempo recoñecibles", analiza.

O futuro -valora- pasa por crear espazos determinados dentro da mundialización e aposta polos lazos da lusofonía (preside a Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación) e de países da periferia atlántica, como Irlanda, Bretaña ou Filandia, cos que mantén estreitas relacións. "En todas estas áreas está a se activar a idea de creatividade, pero non só como cuestión estética ou de linguaxe. Igual que aparece a figura do autor, aparece a figura de público activo, vencellada aos novos medios e á súa interactividade", conclúe.

Ledo é tamén coeditora de *Anuàrio internacional de comunicación lusófona* e membro dos consellos de redacción de *A trabe de ouro* e *Trípodos*, e do Relatorio de Comunicación do Consello da Cultura Galega.